



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MESÍA

Resolucións de Alcaldía de nomeamento de membros Xunta de Goberno Local, Tenentes de Alcalde, Concellerías delegadas e delegacións na Xunta de Goberno Local

De conformidade co disposto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, e na Lei 7/1985, do 2 de abril, dáselle publicidade ás seguintes resolucións da Alcaldía:

Decreto 251/2023, do 20 de xuño: designación membros da Xunta de Goberno Local.

“D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía, A Coruña, á vista dos artigos 20.1.b) e 23.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 65.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 52.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, sendo competencia do Alcalde o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.– Nomear como membros da Xunta de Goberno Local ós seguintes señores/as concelleiros/as:

-D^a Pilar Sánchez Ulloa.

-D Gervasio Sánchez Barreiro.

-D José Pardo Álvarez.

SEGUNDO.– Notificar persoalmente aos designados o seu nomeamento e proceder á publicación deste decreto no BOP

TERCEIRO.– Dar conta deste decreto ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.”

Decreto 252/2023, de 20 de xuño: nomeamento Tenentes de Alcalde.

“D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía, á vista do preceptuado nos artigos 20.1.a), 21.2 e 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 62.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 46.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, sendo competencia do Alcalde o nomeamento dos Tenentes de Alcalde.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.– Nomear como Tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros, membros da Xunta de Goberno Local, na orde que se determina:

-Primeira Tenente de Alcalde: D^a Pilar Sánchez Ulloa.

-Segundo Tenente de Alcalde: D Gervasio Sánchez Barreiro.

-Terceiro Tenente de Alcalde: D José Pardo Álvarez.

SEGUNDO.– Notificar persoalmente aos designados o seu nomeamento e proceder á publicación deste decreto no BOP

TERCEIRO.– Dar conta deste decreto ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.”

Decreto 253/2023, do 20 de xuño: designación Concellerías delegadas.

“D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía (A Coruña), de conformidade cos artigos 43.3 e 44 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.– Efectuar as delegacións xenéricas nos/as señores/as concelleiros/as que a continuación se sinalan relativas ás seguintes áreas:

- CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN, CULTURA, IGUALDADE E XUVENTUDE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

- CONCELLERÍA DE DEPORTE:

D José Manuel Blanco López.

- CONCELLERÍA DE REDE VIARIA, ÁREAS RECREATIVAS E XARDÍNS:

D Gervasio Sánchez Barreiro.

- CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE:

D José Eliseo Bello Vázquez.

SEGUNDO.– As citadas delegacións comprenderán a dirección e xestión dos servizos correspondentes, pero non inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO.– Notificar ós designados os seus nomeamentos e proceder á publicación deste decreto no BOP

CUARTO.– Dar conta deste decreto ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.”

Decreto 254/2023, do 20 de xuño: delegacións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

“D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía (A Coruña), en uso das facultades que me confiren os artigos 21.3 e 23.2.b) da Lei 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 43.2, 44 e 112 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.– Delegar na Xunta de Goberno Local, as seguintes competencias:

-O outorgamento de licencias, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ó Pleno, ditar ordes de execución e tomar coñecemento das comunicacións previas en materia urbanística ou de exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial.

SEGUNDO.– Fixar o xoves como día de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, ás 8:30 horas, cunha periodicidade quincenal. Se o día de celebración da sesión ordinaria fose inhábil trasladarase ó día hábil seguinte, sen prexuízo de que puidera trasladarse a celebración da sesión ó día hábil máis próximo que se acordase cos seus membros.

TERCEIRO: Dar conta do presente decreto á Xunta de Goberno Local e ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.”

Mesía, 23 de xuño de 2023.

Asdo: Mariano Iglesias Castro.

Alcalde.